

## ANUNCIO RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN MATERIA DE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS NO ÁMBITO DA INNOVACIÓN E DA INVESTIGACIÓN CONVOCADA POLA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA (2022).

En relación coa convocatoria dunha bolsa de formación para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da Innovación e da Investigación, convocada por resolución da FGE do 10 de marzo de 2022 (DOG núm. 54, do 18 de marzo de 2022) e á vista da proposta de resolución realizada polo órgano instructor

### RESOLVO

**Primeiro.-** Conceder a bolsa de formación á candidata que obtivo a maior puntuación no conxunto das probas, Laura López Suárez, cunha puntuación total de 29,89 puntos.

**Segundo.-** O inicio estimado do comezo da bolsa será o 5 de setembro de 2022.

**Terceiro.-** Non establecer listaxe de suplentes por non existir máis persoas candidatas que remataran o proceso de selección.

**Cuarto.-** Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 66.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que xulgue pertinente. Transcorrido este prazo sen terse presentado o dito recurso, esta resolución adquirirá firmeza na vía administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022

O director da Fundación Galicia Europa



Jesús García  
Fundación Galicia Europa

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rue de la Loi, 38- bte2- 1040 Bruxelles  
T. +32 2 7355440  
bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

 @FGaliciaEuropa  
 in.com/fundación-galicia-europa  
 fundaciongaliciaeuropa.eu

